

PLAN DIXITAL

les Arcebispo Xelmírez II

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Índice

1. Introducción.....	4
1.1. Datos básicos do centro.....	4
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	4
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	5
1.4. Proceso de elaboración.....	6
2. Situación de partida.....	6
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	8
2.3. Análise DAFO.....	10
3. Plan de Acción.....	13
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	13
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	25
4. Avaliación do plan.....	25
5. Difusión do plan.....	25

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: Ies Arcebispo Xelmírez II

Dirección: Rúa Irmandiños S/N. C.P. 15705, Santiago de Compostela.

Correo electrónico: ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/iesarcebispoxelmirez2/

Etapas educativas: ESO, Bacharelato

N.º de alumnado: 598

N.º de profesores: 55

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contexto do centro:

Nos últimos anos o crecemento poboacional na zona norte de Santiago determinou un incremento no número do alumnado, e un cambio no seu perfil sociocultural, que está a elevarse.

O nivel socioeconómico dominante é o de clase media. Entre as familias con menos recursos o impacto da crise iniciada hai dez anos elevou as taxas de paro e diminuíu os seus recursos. A crise económica derivada da sanitaria na primavera de 2020 está a ter tamén un forte impacto que debe ser tido en conta no deseño das actividades do centro. Este respondeu e seguirá respondendo, en colaboración coa ANPA, buscando vías para garantir que todo o alumnado dispoña dos recursos materiais necesarios para o bo aproveitamento das actividades lectivas.

No centro está escolarizado alumnado de minorías étnicas, con predominio da xitana. Se ben representan arredor dun modesto 2,7% do total da matrícula, concéntranse en 1º e 2º ESO (poucos superan ese nivel) e presentan problemas académicos e con frecuencia de conduta derivados da súa falta de expectativas escolares. En tódolos casos o Departamento de Orientación establece estratexias para concienciar o alumnado e as súas familias da necesidade de acadar unha titulación e poder aumentar as súas expectativas sociais e laborais.

Nos últimos anos elevouse o número de alumnado inmigrante. No presente curso escolar hai 25 alumnos de nacionalidade estranxeira (4,3% do total, a maioría latinoamericanos) aos que hai que sumar 16 alumnos de nacionalidade española pero nados e criados no estranxeiro, polo que á súa chegada a Galicia senten o mesmo desarraigo e as mesmas dificultades académicas.

Contribución do PD ao proxecto educativo. Relación con outros plans e proxectos:

O proxecto educativo do centro fai fincapé na innovación metodolóxica pedagóxica como vía para a calidade no ensino. O plan dixital vén incidir neste aspecto potenciando a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado, o que permitirá a incorporación de novas ferramentas didácticas e as metodoloxías asociadas a elas.

No campo das novas tecnoloxías o centro conta xa con experiencia acumulada. Foi centro pioneiro na implantación do Club de Ciencias, Espazo Maker e Bacharelato de Excelencia en Ciencia e Tecnoloxía. Ten participado, e segue a participar, en varios proxectos Erasmus relacionados co ámbito STEM.

O IES Arcebispo Xelmírez II participa no programa de Contratos-Programa (CP-Innova e CP-inclúe), no Plan Proxecta con varias liñas de actuación), no PLAMBE, no Club de Lectura, no programa de Seccións Bilingües. En todos eles as novas tecnoloxías teñen un papel relevante e transversal, e todos eles contribúen á mellora da competencia dixital do alumnado.

Neste sentido, a Programación Xeral Anual incorporará para o curso 22/23 o Plan Dixital como un eixe central do proxecto curricular. As actuacións previstas no plan se interrelacionarán co resto de proxectos de centro, de maneira que en realidade o plan vén formalizar o que ata agora se realizaba de maneira non formal nin protocolizada.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O presente plan foi redactado atendendo tanto ás modificacións legislativas que afectan ao sistema educativo como ás instrucións e disposicións publicadas pola consellería de educación.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizáronse as enquisas SELFIE e o test CDD, centrándose o segundo trimestre na elaboración da análise DAFO do centro.

En paralelo, e aproveitando que había que conformar o equipo de dinamización do plan dixital formado por un grupo de docentes, deseñouse un Plan de Formación do Profesorado ad hoc, cuxo traballo serviu de base de análise e reflexión para a redacción.

A elaboración final do plan foi abordada polo coordinador TIC do centro, que estivo en contacto coa mentora designada pola Consellería para o asesoramento ao centro.

Desde Dirección e Xefatura de Estudos realizouse un seguimento do proceso con contribucións puntuais.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

O centro conta cunha conexión de fibra óptica que rara vez supera os 100Mbps nas medidas reais. Tras a entrada a través do router xeral diversifícase mediante varios switches situados sen ningunha planificación de liñas na secretaría do centro e nun almacén da ala norte, o cal fai que haxa liñas que recorren moito máis dos 100m recomendados. Isto implica que as velocidades de acceso sexan moi variables dependendo das aulas nas que se localicen os equipos.

Respecto da rede wifi instalada funciona correctamente ata o momento salvo nalgúns puntos cegos. Non coñecemos como responde a unha alta demanda dado que o alumnado non ten acceso a ela. Innda así xa aparecen problemas puntuais de caída da rede cando se conectan á vez os equipos das dúas aulas de informática ademais do equipamento das aulas dixitais.

Equipamento do centro:

Este conta con máis de 100 equipos repartidos entre a dirección(4), secretaría(2), aulas de informática(2x23), aulas dixitalizadas (13) con equipos portátiles e pantallas táctiles, outras aulas (16) con equipos sobremesa e proxector, usos múltiples (1), laboratorios e talleres(6), Biblioteca (5), departamentos (5), aula maker (1) sala de profesores (1 servidor + 5 terminais lixeiros) e algúns equipos portátiles para varios usos (apoio en aulas e préstamo a alumnado). Moitos destes equipos necesitan ser substituídos dado que a súa antigüidade chega aos 15 anos. O centro non pertence ao proxecto E-Dixgal por acordo do claustro.

- *Servizos dixitais educativos:*

Mantéñense actualizadas tanto a páxina web do centro como a aula virtual empregadas como medio de comunicación xeral coas familias a primeira e como recurso educativo a segunda. O centro non emprega Aqueiro e non pertence a E-dixgal. Empregase o espazo abalar, sobre todo a aplicación de Abalarmóbil.

No relativo á xestión do mantemento do equipamento do centro, esta é a todas luces deficitaria, o día a día resólvese coa vontade do profesorado do equipo TIC, que non ten nin os coñecementos nin as ferramentas necesarias. Os problemas de rede ou hardware repártense entre os que pode resolver a UAC, cunha variabilidade grande de prazos de resolución e os contratados a unha empresa externa con cargo aos presupostos xerais do centro.

Urxe a existencia de persoal de mantemento específico asignado ao centro, con capacidade para establecer e planificar as necesidades de recursos e optimizar o emprego e o mantemento destes.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6	3,5
	Profesorado	3,1	3,1
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,6	3,7
	Profesorado	2,8	2,8
	Alumnado	2,6	2,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8	3,7
	Profesorado	2,9	2,8
	Alumnado	2,8	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	4,7
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	4
	Profesorado	3,8	3,6
	Alumnado	3,8	3,7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6	3,5
	Profesorado	2,9	2,8
	Alumnado	2,9	2,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3	3,5
	Profesorado	2,7	2,7
	Alumnado	2,6	2,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6	3,8
	Profesorado	3,2	3,3
	Alumnado	2,8	2,6

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>35</u>	<u>42,9</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>4</u>	<u>0</u>
INTERINO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0</u>
SUBSTITUTO	<u>6</u>	<u>13</u>	<u>46,2</u>
DESPRAZADO	<u>2</u>	<u>9</u>	<u>22,2</u>

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>88,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>90,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
BAC	<u>88,1</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	<u>0</u>
A2	<u>6</u>	<u>26,1</u>
B1	<u>9</u>	<u>39,1</u>
B2	<u>6</u>	<u>26,1</u>
C1	<u>1</u>	<u>4,3</u>
C2	<u>1</u>	<u>4,3</u>

TOTAL	<u>23</u>	<u>99,9</u>
--------------	-----------	-------------

Outras fontes: Ademais de empregar os resultados do selfie e do test CDD, parte das conclusións da análise DAFO foron acadadas mediante a posta en común das experiencias previas tanto do equipo TIC do centro como do equipo directivo e o grupo de traballo.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dotación de equipo básico informático en tódalas aulas. Inicio do proceso de colocación de monitores interactivos.	Problemas de espazos físicos, non hai posibilidade de adecuar espazos para aulas de informática maiores ou espazos de uso de recursos dixitais por parte do alumnado. Caídas frecuentes da rede derivadas da mala instalación e de problemas eléctricos.
	PERSOAL DOCENTE	Uso xeralizado da aula virtual do centro e de abalarMobil. Alta participación no desenvolvemento profesional continuo. Alta porcentaxe de participación en programas europeos Erasmus+.	Falta de tempo para explorar e preparar material en formato dixital. Pouco uso das ferramentas dixitais para a avaliación do alumnado. Pouco intercambio de recursos entre o profesorado.
	PERSOAL NON DOCENTE	Coñecemento das ferramentas dixitais básicas para o desenvolvemento do seu traballo.	Escaso interese por mellorar a competencia dixital dunha parte do persoal.
	ALUMNADO	100% do alumnado é coñecedor do funcionamento da aula virtual	Falta de coñecemento do software libre e conxunto limitado de destrezas dixitais.

		do centro. Uso masivo de tecnoloxías móbiles entre o alumnado.	Dificultade para a busca e tratamento da información na rede. Uso non responsable das redes sociais. Pouca colaboración entre o alumnado.
FAMILIAS		Máis do 90 % de uso de ferramentas dixitais corporativas (abalarMóbil).	Baixa competencia dixital das familias. Difícil situación económica dunha porcentaxe minoritaria pero significativa das familias agravada pola pandemia e a actual crise económica.
OFERTA		Materias de libre configuración de centro do ámbito tecnolóxico en bacharelato. Centro pioneiro en STEMBACH e Espazos Maker. Participación en programas europeos Erasmus+.	Pouco uso de tarefas interdisciplinares.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Uso masivo dos servizos dixitais corporativos (correo, abalarmobil, aula virtual, web, webex). O equipo directivo e o grupo TIC promoven activamente o uso do software libre. Boa atención ás familias no apoio ao alumnado.	Non implantación do BYOD (Bring your own device, trae o teu propio dispositivo). O centro tampouco pode promovelos dada a imposibilidade de dar acceso wifi a todo o alumnado a través da rede corporativa

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Dotación de material informático para alumnado que non dispón de ordenador ou conexión a internet (Plan EduDixital).	Pouca colaboración da administración na solución de problemas de infraestrutura e en dar soporte técnico aos centros. Política de plans de custe cero e aumento da burocratización da ensinanza. Antigüidade de gran parte do equipamento.
	LEXISLACIÓN	Posibilidade de establecer materias de libre configuración de centro enfocadas á adquisición de competencias dixitais no alumnado.	Cambio continuo de lexislación que impide facer un traballo eficiente a medio e longo prazo.
	CONTORNA	Participación no plan ViteRede e colaboración co centro sociocultural de Vite.	Impacto negativo nunha porcentaxe significativa do alumnado da crise económica iniciada en 2008 e da derivada da pandemia.
	ANPA	Boa relación coa ANPA que permite colaboración no deseño de actividades extraescolares e detección de necesidades do alumnado.	Moi escasa participación das familias nas últimas asembleas e actividades dirixidas a nais e pais organizadas pola ANPA.
	OUTRAS ENTIDADES	Boa coordinación con Servizos Sociais, Cruz Vermella e Secretariado Xitano. Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade da Coruña en proxectos STEM. Colaboración con centros europeos participantes en programas Erasmus+.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área de mellora: B-Colaboración e redes						
OBXECTIVO : 01	Aumentar o emprego da AV do centro para o debate e a comunicación entre o profesorado (B1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de participación do profesorado nas aulas de debate e comunicación da AV (Instrumento: Rexistro da actividade nas aulas)					
Valor de partida	0% de participación do profesorado en foro de comunicación e debate no curso 21/22					
Valor previsto e data	80% de participación do profesorado nalgún foro			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear as seguintes aulas na AV do centro: Aula Foro, Materiais de titoría, Xefaturas de departamento e Aula de garda	Coordinador Tic	01/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Fomentar o debate na Aula Foro entre o profesorado	Coordinador Tic	30/06/2023	Curso creado na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Intercambiar documentación e fomentar o debate entre o departamento de orientación e os titores	Orientadora	30/06/2023	Cursos creados na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Intercambiar documentación e fomentar o debate entre os xefes de departamento e nos departamentos	Equipo directivo e xefes de departamento	30/06/2023	Cursos creados na aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Usar a aula de garda	Profesorado	30/06/2023	Curso creado na aula virtual do		Realizada	

para comunicarlle ao profesorado de garda o material necesario para a clase			centro			
---	--	--	--------	--	--	--

Área de mellora: B-Colaboración e redes							
OBXECTIVO: 02	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B2)					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Mantemento do número de actuacións realizadas en colaboración con outras entidades e organismos (Instrumento: Memoria anual)						
Valor de partida							
Valor previsto e data							
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A02.1: Manter as charlas do Plan Director da Policía e Garda Civil sobre novas tecnoloxías	Dirección Vicedirección Orientación	20/06/2023	Instalacións do centro Persoal das forzas de seguridade.	Indicador: número de charlas	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Manter a colaboración coas universidades galegas e centros de investigación no ámbito das TIC	Dirección Coordinador STEMBach Responsable TIC	20/06/2023	Persoal universitario e investigador	Indicador: número de actuacións desenvolvidas	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3: Dar a coñecer entre o alumnado a realidade da innovación tecnolóxica en Galicia	Videdirección Responsable TIC Responsable EDL	20/06/2023	Profesionais galegos no ámbito das TIC.	Indicador: número de accións de divulgación desenvolvidas	Realizada		

Área de mellora: E-Pedagogía:Apoio e Recursos						
OBXECTIVO : 03	Facilitar recursos ao alumnado de incorporación tardía ao centro (E1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Comprobación dos medios dixitais do/a alumno/a (Instrumento de medida: Entrevista con xefatura de estudos)					
Valor de partida	Non aplica					
Valor previsto e data	O/a alumno/a debe dispor de medios informáticos			Dúas semanas despois da incorporación do/a alumno/a		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Entrevista da familia con xefatura de estudos	Xefe de estudos	O día da realización da matrícula do/a alumno/a			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Valoración das necesidades do alumno e da dispoñibilidade de material	Xefatura de estudos e dirección	Na semana seguinte á realización da entrevista			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3:Incorporación do/a alumno/a ao plan de educación dixital se procede	Dirección	Na semana seguinte á valoración das necesidades	Ordenadores do plan educación dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: F-Pedagogía:Implementación na aula							
OBXECTIVO: 04	Facilitar actividades de posta ao día na aula virtual ao alumnado de incorporación tardía (F1)					Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento de orientación					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades específicas por materia ao remate do mes de incorporación						
Valor de partida	Non aplica						
Valor previsto e data	3 actividades específicas por cada materia instrumental			Un mes despois da incorporación			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A04.1: Reunión do departamento de orientación para avaliar as necesidades do/a alumno/a	Persoa Orientadora do centro	Na semana de incorporación do/a alumno/a ao centro	Expediente do/a alumno/a e outros informes individualizados			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A04.2: Convocar reunión do departamento de orientación co profesorado das materias instrumentais para a selección de actividades ou contidos a traballar.	Xefatura de estudos e dirección	Na semana seguinte á realización da entrevista				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A04.3: Deseño das actividades específicas.	Dirección	Na semana seguinte á valoración das necesidades	Ordenadores do plan educación dixital				
A04.: Implementación das actividades na aula virtual do centro.	Profesorado de materias instrumentais e responsable da aula virtual	Tres semanas despois da reunión co profesorado	Aula virtual do centro Tarefas específicas			Realizada	
						Aprazada	

					Pendente	
--	--	--	--	--	-----------------	--

Área de mellora: A-Liderado

OBXECTIVO : 05	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro (A1)			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	Realizar enquisa a comezo do curso 22-23 (é maior que o 50%)					
Valor previsto e data	90%	30/6/2023				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Establecer AbalarPro como ferramenta prioritaria de comunicación coas familias.	Equipo directivo	Setembro 2022	Notificación ás familias e ao claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas.	Persoas titoras	20/6/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: B-Colaboración e redes						
OBXECTIVO : 06	Integrar o emprego da AV do centro como ferramenta da ensinanza presencial. (B3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado que emprega habitualmente a AV como ferramenta para a súa materia					
Valor de partida	Realizar enquisa a comezo do curso 22-23					
Valor previsto e data	Incremento do 20%			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Crear un grupo de asesoramento no emprego da AV por parte do profesorado	Coordinador TIC	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Fomentar o emprego da AV como medio de comunicación do profesorado co alumnado	Equipo Directivo	30/6/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

Área de mellora: C-Infraestructuras e Equipos						
OBXECTIVO: 07	Dispoñer de dúas aulas de informática actualizadas con 35 postos escolares (C1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas conseguidas					
Valor de partida	Dúas aulas de 23 equipos					
Valor previsto e data	Dúas aulas de 23 equipos e outras dúas de 35 equipos			Setembro 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Realizar un estudo das dimensións mínimas legais e da ubicación das aulas.	Coordinador TIC	30-10-22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Elevar unha petición á Secretaría técnica tanto das reformas necesarias como dos equipos.	Equipo Directivo	30-11-22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Crear unha comisión de seguimento do obxectivo	Equipo Directivo/ coordinador Tic	30-10-22			Realizada	

Área de mellora: H-Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO: 08	Asignar a cada alumno do centro unha conta de correo corporativo (H1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado que emprega habitualmente a conta asignada					
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	100%			22-06-2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A08.1: Solicitar da UAC a activación das contas de correo de alumnado e o permiso para empregarlas de xeito habitual	Coordinador TIC	Decembro 2022	Asignación de unha conta a cada alumno e permiso para empregarla habitualmente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Notificar cada alumno a conta de correo asignada	Coordinador TIC	Marzo 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Promover o emprego da conta corporativa como conta habitual na actividade educativa.	Equipo Tic/Claustro	Xuño 2024			Realizada	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Coa nova lei educativa, ademais de incidirse no emprego dos recursos dixitais en tódalas materias, tanto na E.S.O como en Bacharelato, nacen materias novas como Tecnoloxía e dixitalización en 1º e 2º da E.S.O. e Dixitalización en 3º. Isto crea a necesidade de contar con aulas accesibles a tódolos agrupamentos do centro con un equipo por alumno, tanto para realizar tarefas de busca de información como de emprego de diferentes aplicacións. Actualmente **o centro conta tan só con dúas aulas de 23** postos nas que fisicamente non é viable ampliar o número de equipos o cal fai urxente a necesidade de ampliar tanto as instalacións como a dotación do centro para localizar **dúas aulas de informática con 35 equipos** cada unha, que poidan atender ás **ratios establecidas pola consellería**. Non é viable nin sequera a solución doutros tempos de sentar a dous alumnos por equipo pois non collen fisicamente. A non existencia destas aulas fai simplemente inviable o desenvolvemento de algúns contidos na maior parte das materias así como ilóxica a existencia de outras.*

Dado o elevado número de equipos existente en calquera centro hoxe en día resulta totalmente necesaria a asignación de persoal específico ao centro que se encargue da planificación, o mantemento e a evolución das infraestruturas. É necesario implementar pautas de informática corporativa e resulta irrisorio que isto poida ser levado adiante coa asignación de un par de horas a persoal docente sen preparación específica. Sen abordar estas necesidades todo o traballo desenvolto neste plan sería, unha vez máis, tempo perdido e papel mollado.

4. Avaliación do plan

Crearase unha comisión da que formarán parte como mínimo a dirección, a xefatura de estudos e a coordinación TIC. Esta comisión reunirse unha vez ao trimestre para realizar un seguimento da evolución dos obxectivos propostos. Ao final de cada curso cumprimentaranse os espazos de consecución ou non dos obxectivos e realizaranse propostas de novos prazos ou de desestimamento.

5. Difusión do plan

O plan farase chegar a cada profesor a través do correo corporativo e estará accesible nas redes corporativas do centro. A comezo de curso incluírase nun claustro un punto de explicación e reparto de tarefas e responsabilidades no desenvolvemento do plan.